

Bs. As. 15-90-1961.

Meu querido amigo Valentín:

Moitas gracias ante todo, por sere vostede o primeiro que me pasou a noticia de haberse representado na nosa querida Galiza a obra de "Os Vellox non deben de namorarse" aínda que, días despois, chegaronme varias cartas confirmando, e coincidindo n-un todo, co seu modo de ver e interpretar a obra. A min, nada se me consultou, porque de habelo feito faríalles saber, que, si o propio Castelao contando con persoal axeitado e dirixido por él mesmo, non quedara de todo satisfeito por falla de outros elementos tal como esceario xiratorio etc. etc. paréceme que o aviso sería de abondo. para que o pensaran mellor denantes de presentala ao noso público. sin contar con todo o necesario que a obra en si requería. As caretas, que era o primordial da obra. Pero como non se consola o que non quer, diremos que a cousa quedou un pouco compensada si se ten en conta que se dou a coñecer na propia TERRA, onde, pese a todo e a todos, o nome do noso Castelao como vostede dice moi ben, sigue movendo moitedumes, ea sua gloria mantense firme e lumiosa. Gracias pois. amigo Valentín, pol-o seu intres en darme de inmediato tan ~~gratísima~~ grata noticia.

Felicito a Pilar e a vostede, por o maraviloso viaxe que estiveron a facer porque certamente non foi eisi como ir ao FERROL poño por caso. Moitas serían as cousas que trouxeron pra contar, e será intresante que o próximo viaxe. poñan facelo a lua...

Sobor das pesetas de que lle falei, espero que aproveitará a mellor oportunidade pra facermas chegar. Anticipadas gracias. A carta de que lle falei notando a sua ausencia na data do 7 de Xaneiro, non duvido de que non se esquenceron. e debeuse a que. por aquel entonces, tivemos unha folga de carteiros extraviándose moita correspondencia.

Suspendo, porque veñen a buscarme pra un cumpleaños ao que non podo deixar de asistir.

Reciban os tres a miña lembranza garimosa. con unha aperta de esta lonxana amiga


Virginia